



# IES Río Cabe

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

MATERIA: LITERATURA UNIVERSAL

ANO ACADÉMICO :

2021/2022

**ASPECTOS COMÚNS DO DEPARTAMENTO**

- 1.-Datos xerais do departamento
- 2.-Lexislación de referencia
- 3.-Aspectos xerais da programación
  - a. Contextualización
  - b. Referencia ás directrices xerais fixada no P.Educativo
  - c. Referencia á incorporación das propostas da Memoria do curso anterior
  - d. Escenarios posibles de aprendizaxe, de non contemplarse a presencialidade
  - e. Medidas de atención ó alumnado con dificultades dixitais
  - f. Lingua na que se imparten as materias do Departamento

**ASPECTOS ESPECÍFICOS DA MATERIA DE LOMCE**

- 4.-Obxectivos
- 5.-Contidos secuenciados e temporalizados
- 6.-Relación entre os contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares. Mínimos
- 7.-Metodoloxía didáctica
  - Estratexias metodolóxicas
  - Outras decisións metodolóxicas: materiais e recursos, espazos, etc.
- 8.-Avaliación inicial
  - Procedemento para a avaliación inicial
  - Criterios para a acreditación de coñecementos previos
- 9.-Avaliación continua
  - Procedementos e instrumentos para a avaliación continua
  - Criterios de cualificación
- 10.-Avaliación final
  - Quen debe ir á avaliación final?
  - En que consistirá a proba?
  - Como se elabora a cualificación final?
  - A avaliación final en caso de perda do dereito á avaliación continua
- 11.-Avaliación extraordinaria
- 12.-Materia pendente de cursos anteriores (non procede)
13. Procedemento para avaliar a Programación e a práctica docente
- 14.-Medidas xerais de atención á diversidade
- 15.-Actividades complementarias e extraescolares
- 16.-Accións para o fomento do Plan Lector
- 17.-Programación para a educación en valores
- 18.-Constancia de información ao alumnado

## ÍNDICE



# IES Río Cabe

## DATOS XERAIS DO DEPARTAMENTO

1. DATOS DEL DEPARTAMENTO					
PROFESOR/A	MATERIAS QUE IMPARTE		CURSOS	GRUPOS	
MARÍA MILAGROS MUÍÑA GARCÍA	L.CASTELLANA LITERATURA	Y	1º ESO 3º ESO	1 2	
FE CORTIÑAS RODRÍGUEZ	L.CASTELLANA LITERATURA	Y	1ºBAC 2ºBAC 1ºESO	2 2 1	
BEATRIZ GONZÁLEZ LÓPEZ	LITERATURA UNIVERSAL F. USUARIOS AGRUPAMIENTO ÁMBITO LINGÜÍSTICO L.CASTELLANA LITERATURA	Y	1º BAC 1º ESO 4º ESO  BAC1 ADULTOS BAC2 ADULTOS	1 2 1  1 1	
Mª CARMEN RODRÍGUEZ ESPERANTE	ÁMBITO LINGÜÍSTICO		NIVELES I-II, III-IV	1	2
NURIA MARIÑO VARELA	L.CASTELLANA LITERATURA	Y	2º ESO	3	
	L. CASTELLANA LITERATURA	Y	4º ESO	2	

## 2. LEXISLACIÓN DE REFERENCIA

### ETAPA: BACHARELATO

#### LOMCE:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 3. ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

## a. CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

O IES “Río Cabe” está situado en Monforte. Imparte ensinanzas de ESO, dentro das cales se inclúe PMAR e un agrupamento bilingüe en 4º. Tamén existen dúas aulas de apoio debido á presenza de alumnado con necesidades educativas especiais principalmente en 1º e 2º da ESO.

No Bacharelato a oferta límitase ás modalidades de “Ciencias e Tecnoloxía” e “Humanidades e Ciencias Sociais” tanto no réxime xeral como no de adultos. Tamén se pode cursar a educación secundaria para persoas adultas.

Conta cun ciclo formativo de grao superior de guía, información e asistencia turística no réxime de adultos e modular, ademais do grao medio de ensinanzas Técnicas e deportivas na especialidade de fútbol.

A dotación de recursos é suficiente, posto que posúe biblioteca con acceso a internet, dúas aulas de informática con 24 e 18 ordenadores respectivamente e nas aulas de Bacharelato dispoñemos dun ordenador e proxelector.

A maioría dos alumnos teñen aprobadas todas as materias do curso anterior, de todos modos, como establece a Orde de 24 de xuño de 2008, non é preciso acreditar ningún coñecemento previo para cursar a materia.

### Contexto-Zona:

En canto ao **entorno** no que se ubica o centro, é unha localidade de tamaño medio, situada no interior e con abundantes recursos naturais e artificiais. A maior parte da poboación adícase a actividades relacionadas coa agricultura, gandería ou a hostalería e o turismo.

Ademais dos dous centros educativos de ensino primario adscritos a este instituto, neste Concello hai outros 2 IES, un deles ubicado nos arredores.

## b. REFERENCIA ÁS DIRECTRICES XERAIS FIXADAS NO PROXECTO EDUCATIVO

Para a elaboración da Programación seguíronse as instrucións indicadas pola Inspección Educativa.

Tiveronse como referencia os obxectivos xerais do centro e os xerais de BAC. Asímesmo síguense os principios metodolóxicos xerais recollidos no PE.

## c. REFERENCIA Á INCORPORACIÓN DAS PROPOSTAS DA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR

O curso anterior non se impartiu esta asignatura.

## d. ESCENARIOS POSIBLES DE APRENDIZAXE DE NON CONTEMPLARSE A PRESENCIALIDADE

### ENSINANZA PRESENCIAL:

Non se contemplan modificacións á programación didáctica.

### ENSINANZA SEMIPRESENCIAL:

- **Aprendizaxes Imprescindibles:** en referencia ós estándares de aprendizaxe, só se terán en conta os mínimos, recollidos tamén nun cadro resumido nesta programación.
- **Metodoloxía:** as modificacións en relación á programación do ensino presencial quedarían deste xeito:
  - Desenrolo dos diferentes contidos das unidades didácticas na aula/Biblioteca, dirixidos tanto ós alumnos presenciais como ós conectados telemáticamente á Literatura Universal.
  - Dado que a clase efectuada por videoconferencia non tén a mesma impronta que a presencial, o alumnado non presencial terá unha atención específica usando a Aula Virtual do centro ou outros medios telemáticos como poden ser blogs (no blog [bloglenguacabe.blogspot.com](http://bloglenguacabe.blogspot.com) recollo unha pestana adicada a Lit Universal).. Quedarían colocados os diferentes materiais de forma *online* para realizar as tarefas complementarias que indique o profesor.
- **Procedimentos e criterios de avaliación:** as modificacións da programación para o alumnado que asiste a clase por videoconferencia quedarían do seguinte modo:
  - ✓ Obrigatoriedade de conexión *online* coa clase diaria e ca Aula Virtual do centro.
  - ✓ Realización dun exame do explicado e traballado de maneira *online* unha vez volten ó sistema presencial.
  - ✓ De non poder volver ó sistema presencial en tempo, realizarían un exame por videoconferencia, exercicios ou traballos específicos. Escollerase a opción máis axeitada dependendo do momento do trimestre no que nos atopemos e das probas xa realizadas.. Os procedementos de avaliación serían os mesmos da programación presencial, pero en canto ós instrumentos, se considerarán os exames e toda a porcentaxe restante quedará reducida á presentación de tarefas *on-line*. Se non houbera exame, as tarefas superarían o 100% da nota.
  - ✓ En relación ás tarefas, o profesor, ante dúbidas razoables sobre a autoría dos traballos encomendados ou posibles plaxios, poderá recurrir a probas complementarias e/ou exames

(presencial ou a través de videoconferencia) que demostren si o alumno é o autor ou non dos mesmos.

✓

Os traballos terán que ser presentados en tempo e forma. Se substitúen ó exame, poderán ser cualificados de forma numérica e implicar o suspenso do alumno no caso de que non se chegue ó mínimo para aprobar.

#### **ENSINANZA NON PRESENCIAL:**

- **Aprendizaxes Imprescindibles:** en referencia ós estándares de aprendizaxe, só se terán en conta os mínimos (resumidos no cadro de síntese do apartado 6 desta programación)
- **Metodoloxía:** as modificacións en relación á programación:
  - Desenrolo dos diferentes contidos das unidades didácticas usando Aula Virtual, a videoconferencia, o blog...
  - Dado que a clase efectuada por videoconferencia non téna mesma impronta que a presencial, haberá unha atención específica usando para tal fin a Aula Virtual ou outros medios telemáticos, como poden ser os blogs. Quedarían colocados os diferentes materiais que usarían de forma *online* para realizar as tarefas complementarias que indique o profesor.
- **Procedementos e criterios de avaliación:** as modificacións da programación presencial quedarían do seguinte modo:
  - ✓ Obrigatoriedade de conexión *online* coa clase diaria e coa Aula Virtual.
  - ✓ Realización das correspondentes probas escritas ou exames cando se permita a presencialidade no centro.
  - ✓ De non poder volver ó sistema presencial en tempo realizarían un exame por videoconferencia, exercicios ou traballos específicos a través da Aula Virtual. Escolleríase a opción máis axeitada dependendo do momento do trimestre no que nos atopamos e das probas xa realizadas polos alumnos. Os procedementos de avaliación serían os mesmos que aparecen na programación presencial, pero en cuanto ós instrumentos, consideraríanse os exames e toda a porcentaxe restante quedará reducida ás tarefas *on-line*. Se non houbera exame, as tarefas suporían o 100% da nota.
  - ✓ En relación ás tarefas, o profesor, ante dúbidas razoables sobre a autoría dos traballos encomendados ou posibles plaxios, poderá facer probas complementarias e/ou exames (presenciais ou a través de videoconferencia) que demostren si o alumno é o autor.
  - ✓ Os traballos terán que ser presentados en tempo e forma. Si substitúen ó exame, poderán ser cualificados de forma numérica e implicar o suspenso en caso de que non se chegue ó mínimo para aprobar.

#### **f.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON DIFICULTADES DIXITAIS**

Para salvaguardar a igualdade no dereito á educación, detectaranse a comezo do curso (por parte do centro) os casos de alumnos con dificultades para poder seguir un ensino semipresencial ou non presencial. Todos recibirán unha formación inicial para manexar as ferramentas dunha ensinanza non presencial (aula virtual, correo electrónico, blog...). Ademais, a aqueles alumnos que non dispoñan de equipos dixitais, facilitaráselles en sistema de préstamo, desde o centro, os recursos necesarios para garantir un acceso adecuado á ensinanza non presencial.

#### **g.-LINGUA NA QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS NO DEPARTAMENTO**

En todas as materias e cursos a lingua empregada é o castelán. Nesta asignatura, os alumnos tamén poderán presentar ou redactar os exames, exposicións e traballos en galego.

#### **ASPECTOS ESPECÍFICOS DA LITERATURA UNIVERSAL**

### **4. Obxectivos**

Nesta asignatura, o acercamento continuado ós textos supón un extraordinario perfeccionamento das capacidades de comprensión e expresión (tanto oral como escrita), obviamente englobadas na competencia de comunicación lingüística (CCL). Este traballo repercute na análise e comentario, cualidades expresivas imprescindibles para a superación da etapa, a obtención do título de Bac e incluso o acceso a estudos superiores.

Uns contidos pretenden perfeccionar a capacidade de comprensión e expresión lingüística, traballando fundamentalmente a competencia comunicativa e dixital. Nos períodos e movementos darase unha visión global do feito literario. Isto último está encamiñado ás competencias en conciencia e expresión cultural, social e cívica.

Buscaranse estes obxectivos básicos:

- 1) Comprender a intención e o significado de todo tipo de textos literarios, relacionándoos co contexto histórico, social e cultural.
- 2) Recoñecer nas obras as convencións, motivos, tópicos e procedementos literarios e retóricos.
- 3) Distinguir os rasgos dos diferentes xéneros e subxéneros literarios, enmarcándoos na evolución histórica e tendo en conta a súa función social.
- 4) Realizar comentarios, análise e críticas de textos literarios e outras manifestacións artísticas, desenrolando de forma persoal ideas e conceptos e incluíndo citas e referencias.
- 5) Desenvolverse con soltura na búsqueda de ferramentas e recursos dixitais, así como na creación de contidos para o blog da asignatura, se fose pertinente.
- 6) Entender a literatura como un feito artístico, cunha dimensión antropolóxica universal en todas as civilizacións e sociedades.
- 7) Valorar as aportacións da literatura á filosofía, cultura e arte en xeral, tendo en conta a súa estreita relación con outras manifestacións artísticas, sobre todo a música, o cine e as artes plásticas.
- 8) Procurar unha visión crítica tanto da arte como da historia, relacionando fenómenos históricos e actuais así como coñecementos lingüísticos e históricos.
- 9) Enriquecer as propias referencias culturais e ampliar a visión persoal do mundo.
- 10) Desenrolar o sentido estético e un criterio propio na valoración das obras artísticas, clásicas ou contemporáneas.
- 11) Fomentar a propia capacidade crítica e interpretativa a través da expresión oral e escrita e os medios de comunicación, principalmente os dixitais. Esta asignatura pretende contribuir á formación global do alumnado, ó fomento das capacidades artísticas e ó desenrolo do espírito crítico.

## 5.-Contidos secuenciados e temporalizados

Os **contidos mínimos do Bloque 1**, de carácter fundamentalmente procedimental, traballaranse **de maneira continua** durante todo a curso e estarán **presentes en todas as unidades didácticas**. Para evitar a repetición dos mesmos, recórdanse agora, incidindo en que **serán obxecto de atención en todas** as unidades.

B1.1	Lectura/visionado e comentario (oral e escrito) reflexivo de fragmentos, antoloxías ou obras significativas da literatura universal.
B1.2	Relacións entre obras literarias e o resto das artes.
B1.3	Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).
B1.4	Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos.

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización			Probos avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións	Rel. libro de texto	
1ª Avaliac	1	B1 (vid. <i>Supra</i> ) e B2.1	<b>BLOQUES 1 e 2:</b>  Da <b>Antigüidade á Idade Media</b> : As mitoloxías e a orixe da literatura.	Set/ Out	24	pp. 61-83	X
	2	B1 (vid. <i>Supra</i> ) e B2.2	<b>Renacemento e Clasicismo:</b> – Os cambios do mundo e a nova visión do home durante o <b>Renacemento</b> . – A <b>lírica</b> do amor: o petrarquismo. Orixe: a poesía trovadoresca e o Dolce Stil Nuovo. A innovación do <i>Cancioneiro</i> de Petrarca. Lectura e comentario dunha antoloxía lírica e dalgún conto da época. – A <b>narración</b> en prosa: Boccaccio. – <b>Teatro clásico europeo</b> . O teatro isabelino en Inglaterra. Comenzo do mito de Fausto dentro da literatura. Lectura e comentario dunha obra de teatro clásico. Observación das relacións existentes entre as obras de teatro clásicas e as de diferentes xéneros musicais e cinematográficos que xurdiorn a partir delas.	Nov/ Dec	24	pp. 84-129	X

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización			Probos avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións	Rel. libro de texto	

2ª Avaliac.			<b>BLOQUES 1 e 2:</b>				
	3	B1 (vid. Supra)  e B2.3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>O Século das Luces:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>– O desenvolvemento do espírito crítico: a Ilustración. A Enciclopedia. A prosa ilustrada.</li> <li>– A novela europea no século XVIII. Os herdeiros de Cervantes e da picaresca española na literatura inglesa.</li> <li>– Lectura dalgún fragmento de prosa ilustrada ou dalgún fragmento de novela inglesa do XVIII.</li> </ul> </li> </ul>	Xan/	10	pp. 130-149	
	4	B1 (vid. Supra)  e B2.4	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>O movemento romántico:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>– A revolución romántica: conciencia histórica e novo sentido da ciencia.</li> <li>– O Romanticismo e a súa conciencia de movemento literario. Precusores: Goethe.</li> <li>– A poesía romántica e a novela histórica.</li> <li>– Lectura e comentario de poetas románticos europeos e dalgún fragmento de novela histórica.</li> <li>– Observación das relacións existentes entre as obras literarias do Romanticismo e as obras de diferentes xéneros musicais (sinfonías, poemas sinfónicos, lieder, óperas), cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.</li> </ul> </li> </ul>	Xan/ Feb	18	pp. 150-177	X
5	B1 (vid. Supra)  e B2.5	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>A segunda metade do XIX:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>– <b>Da narrativa romántica ao Realismo</b> en Europa. Literatura e sociedade. Evolución dos temas e as técnicas narrativas do Realismo. Principais novelistas europeos do século XIX. Lectura e comentario dalgúns fragmentos de novelas realistas.</li> <li>– O nacemento da gran <b>literatura norteamericana</b> (1830-1890). Da experiencia vital á literatura. O renacemento do conto. Lectura e comentario dalgúns contos da segunda metade do século XIX.</li> <li>– O arranque da <b>modernidade poética:</b> de Baudelaire ao Simbolismo. Lectura de poesía simbolista.</li> <li>– A <b>renovación do teatro europeo:</b> un novo teatro e unhas novas formas de pensamento. Lectura e comentario dunha obra.</li> <li>– Observación das relacións existentes entre as obras literarias deste período e de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.</li> </ul> </li> </ul>	Feb/ Mazro / Abril	24	pp. 178-243	X	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización			Probos avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións	Rel. libro de texto	
3ª Avaliac.	6	B1 (vid. Supra)  e B2.6	<b>BLOQUES 1 e 2</b>				
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Os novos enfoques da literatura no século XX e as transformacións dos xéneros literarios:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>– A crise do pensamento decimonónico e a cultura de fin de século. A quebra da orde europea: a crise de 1914. As innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria.</li> <li>– A consolidación dunha nova forma de escribir na novela. Estudo das <b>técnicas narrativas</b>. Lectura dunha novela corta, dalgún relato ou dalgún conto representativo deste período.</li> <li>– <b>As vangardas europeas</b>. O surrealismo. Lectura de poesía vangardista.</li> <li>– A culminación da gran <b>literatura americana. A xeración perdida</b>.</li> <li>– <b>O teatro</b> do absurdo e do compromiso. Lectura dalgún fragmento representativo destas correntes dramáticas.</li> <li>– Observación das relacións existentes entre as obras desta época e as de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xudiron a partir delas.</li> </ul> </li> </ul>	Abril/ Mai/ Xun	25	pp. 244-341	X

## 6-Relación entre os contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares

Nota: Nesta programación os criterios de cualificación, instrumentos... van pormenorizados nun punto adicado a tal fin

1ª Aval

Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro (1)

Posibles criterios de cualificación e instrumentos de ava

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos			
								Prob esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup
1 e 2	B1.1	B1.1	B1.1.1	CSC/CCEC	Le fragmentos significativos ou textos da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal.	100%		x		x	
	B1.1	B1.1	B1.1.2	CCEC/CSC/CAA	Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario	100%		x	x	x	
1 e 2	B1.2.	B1.2	B1.2.1	CCL/CSC	Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relaciónaas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión.	100%		x	x	x	
	B1.2	B1.2	B1.2.2	CCL/CCEC	Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, similitudes e diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas.	80%		x	x	x	
1 e 2	B1.3	B1.3	B1.3.1	CCL/CSC	Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de temas e formas creados pola literatura.	100%		x	x	x	
	B1.3	B1.3	B1.3.2	CSC/CCEC	Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.	100%		x	x	x	
1 e 2					Compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época, e recoñece as	100%		x	x		



					contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.						
1 e 2	B2.1 e B2.2	B2.3	B2.3.2	CCL	Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes.	100%			x		
1 e 2	B2.1 e B2.2	B2.3	B2.3.3	CCL/CCEC	Valora oralmente ou por escrito unha obra literaria, recoñecendo a lectura como unha fonte de enriquecemento da propia personalidade e como medio para profundar na comprensión do mundo interior e da sociedade.	100%			x		

### LEENDA COMPETENCIAS

<b>CCL</b>	Comunicación lingüística
<b>CMCCT</b>	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
<b>CD</b>	Competencia dixital
<b>CAA</b>	Competencia aprender a aprender
<b>CSC</b>	Competencias sociais e cívicas
<b>CSIEE</b>	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
<b>CCEC</b>	Conciencia e expresións culturais

### LEENDA TRANSVERSAIS

<b>CL</b>	Comprensión lectora
<b>EOE</b>	Expresión oral e escrita
<b>CA</b>	Comunicación audiovisual
<b>TIC</b>	Tecnoloxías da información e comunicación
<b>EMP</b>	Emprendemento
<b>EC</b>	Educación cívica
<b>PV</b>	Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar “indicadores de logro” máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo.

(2) As rúbricas poden utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,..

2ª Aval

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos			
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup
3, 4, 5	B1.1	B1.1	B1.1.1	CSC/CCEC	Le fragmentos significativos ou textos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal.	100%		X		x	
				CCEC/CSC/CAA	Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así	100%		x		x	

4, 5	B1.3	B1.3	B1.3.2	CSC/CCEC	Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.	100%		x	x		
3, 4, 5	B1.4	B1.4	B1.4.1	CSC/CCL	Compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época, e recoñece as influencias mutuas e o mantemento de determinados temas e formas.	100%		x	x		
3, 4, 5	B2.1 e B2.2.	B2.1	B2.1.1	CCL/CSC	Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores significativos	100%		x			
3, 4, 5	B2.3, B2.4 e B2.5	B2.2	B2.2.1	CD/CCEC	Realiza traballos críticos sobre unha obra lida, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e consultando fontes de información diversas.	100%		x		x	
3, 4, 5	B2.3, B2.4 e B2.5	B2.3	B2.3.1	CCL/CD	Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.	100%			x		
3, 4, 5	B2.3, B2.4 e B2.5	B2.3	B2.3.2	CCL	Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes.	100%			x		
3, 4, 5	B2.3, B2.4 e B2.5	B2.3	B2.3.3	CCL/CCEC	Valora oralmente ou por escrito unha obra literaria, recoñecendo a lectura como unha fonte de enriquecemento da propia personalidade e como un medio para profundar na comprensión do mundo interior e da sociedade.	100%			x		

					como os trazos máis salientables do estilo literario								
6	B1.2.	B1.2	B1.2.1	CCL/CSC	Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relaciónas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión.	100%		x			x		
	B1.2	B1.2	B1.2.2	CCL/CCEC	Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas.	80%		x		x		x	
6	B1.3	B1.3	B1.3.1	CCL/CSC	Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de determinados temas e formas creados pola literatura.	100%		x		x			
	B1.3	B1.3	B1.3.2	CSC/CCEC	Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.	100%		x		x			
6	B1.4	B1.4	B1.4.1	CSC/CCL	Compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época, e recoñece as influencias mutuas e o mantemento de determinados temas e formas.	100%		x		x			
6	B2.1 e B2.2.	B2.1	B2.1.1	CCL/CSC	Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores significativos.	100%		x					
6	B2.6	B2.2	B2.2.1	CD/CCEC	Realiza tarefas críticas sobre unha obra, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e consultando fontes de información diversas.	100%		x				x	
6	B2.6	B2.3	B2.3.1	CCL/CD	Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.	100%				x			
6					Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e	100%				x			

<p>-Valorar que sexan capaces de interpretar, reflexionar, pensar con sentido crítico e por eles mesmos sobre o contido das breves lecturas propostas ou sobre diferentes aspectos relacionados cos textos literarios, autores e a época na que se desenrolan.</p> <p>-Darlle moita importancia á planificación, orde, estruturación, corrección, coherencia e cohesión presente nos escritos/presentacións que realicen. Ditas creacións deben ser individuais e non se admitirá “copia pega” de páxinas de internet que non se citen nin que copien as ideas doutros compañeiros. Valorarase especialmente o esforzo na presentación escrita, redacción e a reflexión/ traballo individual sobre todas as tarefas propostas.</p> <p>-Outro aspecto relevante a ter en conta na avaliación é que o alumnado debe ser capaz de sintetizar, resumir, esquematizar e presentar ordeadas as ideas e pensamentos.</p>	<p>trazos máis salientables do estilo literario.</p> <p>-Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relaciónaas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión.</p> <p>-Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados</p> <p>-Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de temas e formas creados pola literatura. Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.</p> <p>-Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.</p> <p>-Realiza tarefas críticas sobre unha obra, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e consultando fontes de información diversas</p> <p>-Realiza presentacións escritas/orais planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.</p> <p>-Valora por escrito unha obra literaria, recoñecendo a lectura como fonte de enriquecemento da propia personalidade e como medio para profundar na comprensión do mundo interior e da sociedade.</p> <p>-Explica por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establece relacións entre a literatura e o resto das artes.</p>
---	---

## 7.-Metodoloxía didáctica

### a) Estratexias metodolóxicas

O factor esencial é potenciar a motivación cara esta materia que estudian por primeira vez. Desenvolveranse estratexias para favorecer que o alumnado se implique na actividade didáctica, especialmente na expresión correcta (oral e escrita), a creatividade, a apreciación do entorno social e cultural próximo (ou o moi alonxado, por contraste) a presenza das vivencias, intereses e experiencias persoais que se podan relacionar co período da literatura estudiado... Tamén se fomentará o uso de materiais e recursos didácticos variados para interesalos polas máis relevantes creacións literarias, o seu contexto e relación con outras disciplinas e artes.

Usaremos técnicas e estratexias de traballo individual e tamén cooperativas, favoreceremos o manexo das TIC na elaboración de posibles tarefas e faremos fincapé na análise reflexiva de documentos varios e nos comentarios de textos representativos de cada tendencia literaria, a partir dunha base teórica xeral que permita diferenciar e enmarcar cada períodos nun esquema claro. Serán o principal instrumento de avaliación.

Cómpre tamén que o propio alumno recoñeza e asuma, de forma madura e responsable, a trascendencia do seu esforzo personal en relación co seu rendemento académico e, por tanto, co resultado final do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### b) Materiais e recursos didácticos

#### Libro de texto. BLOG.

É preciso empregar materiais e recursos didácticos variados e atraíntes, dirixidos a evitar a monotonía e crear na aula un espazo aberto á participación, á curiosidade e ó desenvolvemento de novas aprendizaxes. Empregarase como manual de referencia o seguinte: *Literatura universal 1*, Ed. Santillana.

Insistirase na elaboración de esquemas, cadros ou mapas conceptuales, ademáis de usar o libro de texto e o cuaderno do alumno. Tamén disporán dun blog, ([www.bloglenguacabe.blogspot.com](http://www.bloglenguacabe.blogspot.com)) no que hai unha pestana adicada a Literatura Universal con recursos variados.

#### Espazos de consulta e traballo

Recurriremos á biblioteca do centro e bibliotecas en rede para seleccionar textos así como material audiovisual naqueles casos en que se dispoña dunha película que versionese unha obra de lectura.

Como norma xeral, tres sesións semanais terán lugar na aula ordinaria. Realizaranse as explicacións teóricas de cada tema, traballo individual ou en parellas (se a pandemia o permite), reflexións sobre lecturas, comentarios de textos etc. Unha sesión terá lugar na aula de informática, na que se aproveitarán os recursos TIC para a elaboración de posibles traballos de investigación, resolución de cuestión, preparación de posibles exposicións orais con apoio audiovisual, lecturas colectivas (especialmente de obras de teatro, aproveitando textos dixitalizados en bibliotecas en rede como a *Biblioteca virtual Miguel de Cervantes*, entre outras) e actividades de literatura comparada (relación da literatura coa música, cine, arte etc.).

#### Lecturas

Proporanse un abano de lecturas dos diferentes periodos facendo especial fincapé nos exixidos polo currículo: como mínimo, unha obra de teatro clásico, unha novela realista, unha obra de teatro do século XX. Traballarase de xeito interdisciplinar, abordando a súa relación co cine, música, outros textos... (en función da obra escollida) e poderán presentarse na aula oralmente e por escrito. Ademáis, leranse fragmentos de obras de todos os periodos estudados nunha selección de pezas.

No caso do teatro, realizarase unha lectura dramatizada Así, por exemplo, na primeira avaliación (e seguindo o currículo –contido B2.2-) presentaranse as seguintes obras, con edicións dixitais accesibles en rede, para que os alumnos escollan, a partir do argumento, a lectura sobre a que traballaremos.

Unha obra de Plauto: *Lisístrata*

*Romeo y Julieta*, *El sueño de una noche de verano* u *Otelo*, de Shakespeare.

*El avaro* o *El enfermo imaginario*, de Molière.

Se é posible, leremos unha obra e visionaremos a adaptación cinematográfica ou teatral traballando, a través das manifestacións artísticas, os contidos transversais (educación para a violencia, por exemplo, a partir de calquera das traxedias de Shakespeare e educación cívica a partir das comedias do dramaturgo francés).

As lecturas da segunda e terceira avaliación seguirán un esquema similar, empregando os recursos dispoñibles para a selección e aproveitando os fondos dixitais, os da biblioteca do centro e os da municipal dependendo do número de alumnado.

Na segunda avaliación proporanse lecturas do século XIX: Realismo ou Romanticismo e na última fase lectura conxunta de *Casa de bonecas* de Ibsen.

## 8. Avaliación inicial

### a) Procedemento para a avaliación inicial

Desenvolverase na primeira semana do curso. O seu obxectivo é facilitar información sobre o coñecemento acerca das destrezas propias da materia e a detección das posibles dificultades de aprendizaxe ou do alumnado con capacidades superiores á media. Tamén servirá para comprobar os coñecementos previos sobre correntes literarias, obras, autores... Dita información utilizará o profesor para reformular a programación como se estime oportuno ou programar as actividades de reforzo/ampliación que se precisen.

O método para obter a devandita información será mediante a observación na aula a partir de exercicios relacionados co comentario de textos. Deste xeito, coñeceremos a súa base, especialmente nas relativas ó bloque 1 de contidos do currículo.

## 9.-Avaliación continua

### a) Procedemento para a avaliación continua

En cada avaliación faranse unha ou dúas probas escritas nas que se medirán os contidos conceptuais e procedementais. Tamén se proporán actividades orais e escritas individuais ou grupais (cando sexa posible pola pandemia), segundo o caso. Consideraranse positivamente as actitudes, asistencia, puntualidade, participación, traballo na clase...

O Baremo da nota de cada avaliación será o seguinte:

- **Probas escritas (exames)..... 80% da nota**
  - Farase a media aritmética das probas escritas.
  - Estas poden constar de preguntas conceptuais e procedementais sobre o temario. Estarán puntuadas de 0 a 10. A puntuación irá especificada em cada pregunta.
  - O feito de que un alumno copie nun exame, poderá levar consigo que esa avaliación, lle sexa cualificada como non superada. Tamén se arbitrarán medidas se hai sospeitas fundadas de copia (incongruencias e fallos de coherencia moi destacables na redacción...), quedará a criterio do profesor a repetición da proba ou a súa substitución por unha oral, que tamén poderá facerse si a presentación ou caligrafía dun exame fan este ilexible)
- 
- **Tarefas individuais ou grupais..... 20% da nota**
  - Realización, con interese, das tarefas indicadas polo profesor na aula ou para a casa.
  - Elaboración dun esquema completo/Resumo de cada tema...
  - Resolución de follas de exercicios ou actividades variadas facilitadas polo profesor.
- O profesor valorará os apartados de **Acentuación, ortografía, expresión escrita** (coherencia, cohesión, adecuación) nos escritos.
- A mala expresión escrita (adecuación, coherencia e cohesión, incluíndo a puntuación) será penalizada globalmente cun desconto de **ata 1 punto** e as **faltas de ortografía** serán penalizadas a razón de **-0,25 puntos** por cada falta de letra ou por cada 4 faltas de tilde **ata 1 punto**. Ditos descontos serán sobre a nota adxudicada a cada escrito.

O sistema de baremación aquí indicado non exclúe que o profesor o poida modificar lixeiramente si se aprecian circunstancias que así o aconsellen, tales como poden ser o nivel inicial do alumno, as súas capacidades de aprendizaxe, o número de alumnos en cada grupo etc.

### b) Instrumentos de avaliación e criterios de corrección de exames

Están explicados con detalle a continuación do cadro

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Probas escritas	Unha ou dúas en cada trimestre
Traballos individuais e traballos en grupo	O profesor valorará as redaccións, resumos, esquemas, exercicios e pequenas tarefas de investigación que vaia solicitando en cada avaliación
Exposicións orais	Formarán parte integrante dalgúns dos traballos sinalados no apartado anterior
Traballo na aula	Terase en conta o traballo diario como se especifica no seguinte punto Esquemas dos diferentes temas e resolución de cuestións variadas
Observación e rexistro	<ul style="list-style-type: none"><li>• De non acudir a unha proba escrita, só se lle repetirá a mesma a aqueles que</li></ul>

	<p>presenten, o mesmo día que se incorporan ao centro, xustificación médica ou de deber inescusable, de carácter público ou privado para a non asistencia. A data da proba será fixada polo profesor da materia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Anotarase a asistencia e puntualidade do alumno.</li> <li>• Anotarase a actitude <u>negativa</u> en forma de apercebimentos e o número de interrupcións, que non veñen ao caso, durante as explicacións da materia. Anotarase a actitude <u>positiva</u> cando, requerida a súa participación explícita ou voluntaria, nas actividades da aula a súa colaboración sexa absolutamente correcta.</li> </ul>
--	---

## -CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN DE EXAMES, TAREFAS E TRABALLOS EN LITERATURA UNIVERSAL:

Teranse en conta e valoraranse os seguintes criterios, tanto nos exercicios teóricos como nos prácticos:

- Claridade, precisión, adecuación e coherencia nos razoamentos tanto de expresión oral como escrita.
- Expresión oral e escrita creativa, imaxinativa e orixinal; utilización de recursos expresivos e figuras retóricas; desenrolo dun estilo persoal e de madurez e autonomía de pensamento
- Adequación da mensaxe á natureza e situación/ contexto; utilización dos recursos verbais e non verbais e dos rexistros lingüísticos pertinentes
- Orde, presentación e limpeza. Os exames serán realizados con bolígrafo azul ou negro. Non se permite a utilización do lapis.
- As preguntas teóricas deben estar ben razoadas, afondando nos conceptos a aplicar e non deixando ningún aspecto sen xustificar. Nas preguntas a desenvolver, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.
- No relativo ás preguntas prácticas (análise e comprensión textual), valorarase:
  - A interpretación correcta das palabras mediante o seu emprego en contextos e situación diferentes aos habituais.
  - A comprensión do contido de textos; distinción, ordenación e xerarquizacións de ideas.
  - Análise e comentario de recursos expresivos, artificios estilísticos e figuras retóricas pertinentes.
  - Distinción dos matices do sentido e dos usos ideolóxicos da linguaxe
- **Faltas de ortografía e erros gramaticais:** rebaixarán a nota a razón de **0,25 cada falta** de letra e cada 4 faltas de **tilde** ata un total de 1 punto. Tamén se poderá descontar ata **1 punto por faltas de coherencia, cohesión...** na expresión, redacción.
- Calquera proba de avaliación poderá considerarse suspensa -e en tal caso corresponderalle a cualificación de 0 puntos se existe constancia de o alumno copiou, permitiu que outros copiaran do seu traballo, ou participou en calquera actividade ou estratexia orientada a mellorar os resultados académicos –seus ou doutros- mediante procedementos fraudulentos (“chuletas”, intercambio de exames, uso de móbil, mp3, “pinganillos” ou calquera outro medio electrónico). Se non existe dita constancia pero sí sospeitas fundadas de que o alumno copiou (incongruencias con frases disparatadas e fallos de coherencia moi salientables na redacción derivados da deficiente transcripción da audición ou visión dos medios empregados para copiar, preguntas teóricas perfectas calcadas dos apuntes fronte a análises de textos en branco, realización de preguntas diferentes ás propostas...), quedará a criterio do profesor a repetición da proba ou a súa substitución por unha proba oral que amose que o alumno non copiou. Esta proba tamén poderá facerse si a presentación ou caligrafía dun exame fan este ilexible.
- As correccións realizadas sobre as tarefas, exercicios e traballos serán coñecidas, sempre que sexa posible; para elo, o profesor mostrará os exercicios unha vez corrixidos. Esta norma se considera de obrigado cumprimento no caso das probas obxectivas, cuxas correccións e observacións deberán ser coñecidas polos alumnos. Poderá negarse ocasionalmente este dereito a un alumno si hai actitudes ou comportamentos que fagan impracticable o proceso de autoavaliación.

- **ESTRATEGIAS DE APRENDIZAXE para Literatura Universal.**

Cómpre subliñar a necesidade de profundizar nestas estratexias de aprendizaxe, que contribuirán a obter moitos dos obxectivos formulados para esta asignatura de Bach:

- Realización de subraídos, resúmenes, síntese, esquemas e outras actividades/técnicas de traballo intelectual.
- Utilización adecuada de fontes de información (dicionarios, bibliografía, páxinas web, etc); adquisición de técnicas de búsqueda de información na biblioteca e práctica dos procedimentos de cita.
- Adquisición e utilización de técnicas de razoamento: indución, dedución, analogía e comparación, contrastación e diferenciación., memorización de conceptos fundamentais; transferencia e aplicación do aprendido.

- **ACTITUDES.**

-Respecto ás normas de convivencia establecidas no Instituto e nas actividades da área e do dereito dos compañeiros a aprender.

-Interés, participación e traballo persoal e en grupo. Participación activa nas tarefas de avaliación e autoevaluación; para a propia actividade de aprendizaxe.

-Receptividade e interese cara ás actividades relacionadas cos temas transversais.

-Sensibilidade hacia os textos literarios e as manifestacións artísticas; participación creativa no seu estudo análise; interés cara a expresión da subxectividade e a sensibilidade persoal.

- **HÁBITOS DE TRABALLO.**

- Asistencia regular e puntual a clase.

- Esforzo sistemático dentro e fóra da clase; práctica do hábito de estudo e realización de tarefas.

- Interés polo traballo ben feito; presentación puntual, pulcra e correcta de traballos e exercicios.

- Asistencia ós exames e probas de avaliación.

- Realización das lecturas que se propoñan.

- Disposición puntual e regular, dos libros e material requeridos

## 10.-Avaliación final

A nota final resultará de facer a **media aritmética das obtidas nas tres avaliacións**. Se o resultado é de menos de 5, o alumno terá que presentarse a un exame final (marcado desde a XE) onde poderá ser preguntado por calquera dos contidos abordados durante o curso. Este exame valerá 10 puntos e terá que ser superado cun mínimo de 5. Dado que a cualificación trimestral corresponde a una ponderación conxunta de todas as observacións realizadas, o suspenso afectará a todo o contido do trimestre e en ningún caso a unha das súas partes. Farase **exame de recuperación cada avaliación**.

Ó exame final terán tamén que presentarse aqueles que perderan o dereito á avaliación continua. Segundo o Protocolo de abandono, que figura no PE, considérase abandono se:

-Non realiza as actividades ou traballos na clase, a pesar de ter actividades axeitadas ó seu nivel de competencia curricular.

-Non trae o material necesario para o normal desenvolvemento das actividades.

-Entrega os exames en branco de forma reiterada.

-Manifesta verbal e explicitamente o abandono da materia.

-Houber absentismo escolar sen xustificación.

Actuación por parte do profesor:

-Informará o titor da actitude do alumno na materia e tratará de falar cos pais deste feito, explicándolles as consecuencias que dita actitude pode ter. Tamén se informará a XE.

- Ó terceiro aviso do profesor considerase que xa hai abandono.

## 11.-Avaliación extraordinaria

PROCEDIMENTOS	INSTRUMENTOS
Proba escrita	Realizaranse as pertinentes fixadas pola XE Este exame será o mesmo para todos os alumnos que cursen este nivel, e confeccionarano todos os membros do Departamento que impartan a asignatura. A cualificación da avaliación extraordinaria será a nota do exame redondeada por defecto

## 12.-Materia pendente de cursos anteriores

Non é pertinente nesta materia

## 13.- PROCEDEIMENTO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE

Nas diferentes reunións de Dto analizarase o grao de avance na materia en relación á programación, así como os cambios propostos para adaptarse ás necesidades educativos en cada curso.

Na Memoria final reflectiranse os contidos impartidos, cambios propostos para sucesivos cursos.

Algúns dos indicadores para avaliar a nosa práctica serán:

1.-Análisis dos resultados obtidos nas avaliacións.

2.--Grao de adquisición dos contidos por parte do alumnado.

3.--Adecuación dos contidos ó nivel de coñecementos.



- 4.--Grao de adecuación dos contidos ós obxectivos que se pretende conseguir.
- 5.--Adecuación da metodoloxía empregada.
- 6.-Adecuación dos recursos empregados e exercicios prácticos realizados

#### **14.- Medidas xerais de Atención a diversidade**

Procuraremos utilizar metodoloxías que teñan en conta o nivel de partida dos alumnos e o seu estilo de aprendizaxe. Non adoptaremos as que fagan inviable a intervención activa do alumno e a observación efectiva desa intervención por parte do profesor. Poñeremos en práctica instrumentos que permitan diferentes graos de dificultade ou a realización de tarefas alternativas, a saber:

- Priorizar os contidos en función dos seus intereses e motivacións.
- Descompoñer a tarefa en pequenos pasos, do máis sinxelo o máis complexo.
- Exercicios de base común (tema ou plantexamento único) e diferentes posibilidades de elaboración ou contestación: redaccións, comentarios de texto, comprensión lectora, expresión escrita .
- Aínda que a meirande parte da actividade didáctica se desenvolverá en torno ao libro de texto e de lectura, tamén utilizaremos: fotocopias de textos diversos, consulta de dicionarios e enciclopedias, prensa, material de consulta on-line, etc. co fin de evitar a monotonía e motivar a atención dos alumnos.

#### **15.-Actividades complementarias e extraescolares**

Nestas datas, aínda non están programadas. De ter lugar, comunicárase para a inclusión na PXA. A pandemia condicionará as posibles actividades que se proponían.

#### **16.-Accións para o fomento do Plan Lector.**

Cumplírase ó 100% o PL aprobado no centro.

#### **17.-Educación en valores. Elementos transversais**

En L. Universal, como se traballa fundamentalmente con textos, resulta inevitable abordar os temas transversais, xa que esta área é unha das máis ricas en canto á consideración da experiencia humana.

A mellor estratexia para tratar estes contidos pasa pola súa integración no currículo ó fío de actividades habituais, especialmente as baseadas nos textos escritos, nos que frecuentemente están presentes os contidos relacionables cos temas enumerados. Proponse como actividade:

- Elección de textos e outros materiais (vídeos, anuncios, letras de cancións, etc.) que susciten o debate.
- Tratamento de contidos propios dos textos literarios obxecto de estudo e lectura que ofrezan un reflexo social e histórico dos temas transversais.
- Participación dos alumnos nas actividades didácticas que propoña o Instituto

#### **19.-Constancia de información ao alumnado**

Destinarase unha sesión a principio do curso para informar ao alumnado da programación da materia, criterios de avaliación, organización do curso.

O alumnado ten a posibilidade de consultar a programación didáctica en calquera momento. O centro dispón dunha páxina web dende a que se pode descargar a programación para a súa consulta.